



5 de setembro de 2013. [Charcas con vida](#) convoca outra **xornada de voluntariado ambiental que se celebrará este **o sábado 21 e domingo 22 de setembro****

. O lugar escollido desta vez son dúas localidades da provincia de Ourense: Xunqueira de Espadanedo e Montederramo. Durante estes dous días construiremos unha charca e traballaremos na recuperación doutras. Xa está aberto o prazo de inscricións.

As charcas son pequenos pero importantes espazos para a conservación da biodiversidade. Por iso a creación dun pequeno humidal favorece a biodiversidade. Moitos animais utilizan estes puntos de auga para beber, alimentarse, agocharse ou para desenvolver os seus ciclos vitais. Anfibios, aves, invertebrados ... e tamén certos tipos de plantas ou algas son algún exemplos dos seres que se ven favorecidos por este tipo de actuacións. Dende o proxecto [Charcas con Vida](#) queremos achegar á cidadanía a estes lugares e dar ferramentas válidas para a súa conservación. Qué mellor maneira de facelo que construíndo unha charca e aprender facendo!!!

O voluntariado contará con seguro de accidentes e terá os gastos cubertos, incluído o aloxamento do venres.

Se queres participar contacta co local nacional de ADEGA (981 57 00 99) e deixa os teus datos, no móbil 649 611 508, ou no correo ramses@adega.gal

[Descarrega o cartaz da xornada](#)

O proxecto **Charcas con Vida** conta coa colaboración da [Fundación Biodiversidad](#) do

Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e realízase en convenio co [CIBIO](#) (Centro de investigación en biodiversidade e recursos genéticos, Portugal).

